

RUTA POR UN VIGO DE CINEMA



Un emocionante recorrido polas localizacións do centro da cidade onde se rodaron grandes películas e series.

Podes atopar máis información sobre películas rodadas en Vigo e arredores en:

www.vigofilmoffice.com



Avenida Beiramar, 57 • 36202 • Vigo (Pontevedra)
 info@vigofilmoffice.com
 Tel: 986 487 118



RUTA POR UN VIGO DE CINEMA

Vigo é unha cidade de cinema, dentro e fóra da gran pantalla. As súas rúas, as súas praias, o seu patrimonio histórico, artístico, paisaxístico e industrial e a súa impresionante ría convenceron a grandes directores ao longo da historia para elixila como escenario das súas rodaxes. Nesta ruta mostráremosvos algunhas localizacións do centro da cidade nas que se rodaron escenas inesquecibles da sétima arte. Percorreda con nós e sentirédevos, máis que meros espectadores, parte da historia que vos conquistou na pantalla.

Luces, cámara e... Acción!



Ruta a pé



Fácil



Accede á ruta desde o teu teléfono



3,5 km



2 h aprox.

1 HOTEL BAHÍA

O histórico Hotel Bahía é, coas súas 17 plantas e a súa privilexiada localización, un dos edificios máis recoñecibles da cidade. A súa característica fachada (en fase de renovación) gusta a algunhas persoas e provoca o rexeitamento doutras, pero ninguén pode negar que ten un gran atractivo para o cinema.

Así o viu Kike Mailló cando o elixiu como un dos seus escenarios para a película *Toro* (2016), protagonizada por Mario Casas, Luis Tosar e José San cristán. Relata a historia de dous irmáns que se reencontran despois de cinco anos tras saír un do cárcere e tentar reconducir a súa vida.



Corten! Asómate á parte de atrás do hotel e atopará a famosa rúa das Ostras, onde degustar estas delicias do mar, abertas con gran pericia polas ostreiras. Que vos aproveite!

2 ESTACIÓN MARÍTIMA DE RÍA

Quen non lembra a imaxe de Luis Tosar (José) e Javier Bardem (Santa) no barco que cruza a Ría de Vigo en *Os luns ao sol*? Os protagonistas da película —que conta o día a día duns traballadores de estaleiros en paro pola reconversión industrial— embarcaban desde esta estación e, aínda que na película non se especifica que estean en Vigo, é fácil distinguir o skyline da cidade.

Os luns ao sol, dirixida por Fernando León en 2002, conseguiu cinco premios Goya e a Cuncha de Ouro do Festival de San Sebastián.



Toma extra: Se tedes tempo, vós mesmos podedes coller un dos barcos que realizan o traxecto a Cangas ou a Moaña, recostaros fronte ao sol e gozar das magníficas vistas da cidade. Cun pouco de sorte poida que algún golfiño vos acompañe durante a travesía!

3 PEIRAO DE TRANSATLÁNTICOS

O Porto de Vigo é un punto indispensable da cidade. Desde este imponente edificio racionalista partiron desde comezos do século XX miles de galegos rumbo á emigración e ao exilio.

Aquí rodouse parte de *Sempre Xonxa*, película dirixida por Chano Piñeiro e protagonizada por Uxía Blanco que se estreou en 1989 e relata as consecuencias emocionais da emigración. Foi a primeira cinta galega rodada en 35 milímetros e ata a estrea de *O que arde* (2019) foi a película en galego máis vista da historia en salas de cine.

O Porto de Vigo foi escenario de numerosas rodaxes. Gracia Querejeta elixiuno para algunhas escenas da súa película *Sete mesas de billar francés* (2007) e as exitosas series *Auga seca* (2019) e *A Unidade* (2020) tamén levaron ata alí as súas cámaras.




Alfombra vermella: Facede unha parada para tomar algo na cafetería que está no interior da Estación Marítima. As vistas son de cine!

4 CENTRO COMERCIAL A LAXE

Situado na dársena da Laxe, este centro comercial ten fantásticas vistas ao Porto de Vigo. Foi inaugurado en 2008 e forma parte das actuacións do plan urbanístico «Abrir Vigo ao mar». Diseñado polo prestixioso arquitecto Francisco Sáenz de Oiza, unha das súas peculiaridades é unha pasarela peonil que conecta o centro comercial co barrio histórico da cidade.

Esta pasarela foi unha das localizacións elixidas pola mexicana Telemundo para a rodaxe da serie *Inimigo íntimo* (2020), que se emite en Netflix. Narra a historia de dous irmáns que, separados cando eran nenos, non se recoñecen cando o destino os volve reunir como inimigos nunha guerra de narcotraficantes.



Plano secuencia: A idea inicial da produtora era rodar en La Línea de la Concepción (Cádiz), pero o actor Luis Zahera insistiu ata que logrou convencerlles para rodar en Vigo, onde descubriron que a fachada do Atlántico e a perspectiva do Porto tiñan bastantes similitudes coas de Sinaloa (México).

5 LONXA DO PORTO DE VIGO

Agora toca camiñar un pouquiño para achegarnos ata o porto pesqueiro de Vigo, que é un dos maiores do mundo e

consta de diversos peiraos. Cada madrugada celébrase un espectáculo frenético no que se poxa o mellor peixe. Numerosos cineastas converteron este espazo tan especial —que podes visitar con reserva na Autoridade Portuaria e con asociacións como Vigo Pesqueiro— nun personaxe máis das súas películas. Entre elas está *9 Fugas*, do vigués Fon Cortizo. Esta orixinal película está protagonizada por unha traballadora dunha lonxa, un barco silencioso e un grupo de improvisadores que indagan nos sons do pasado para sacar á luz tres relatos esquecidos.



Fóra de campo: O viveiro é unha parte máis do porto á que podes acceder libremente e comprar mariscos de calidade a un prezo máis accesible.

6 PASEO DE ALFONSO XII

Subindo polas empinadas rúas do Casco Vello chegamos ao Paseo de Alfonso XII, desde cuxo miradoiro poderás gozar dunha panorámica inmemorable da entrada da Ría de Vigo, a actividade portuaria e as Illas Cíes, ademais de saudar á oliveira centenaria, emblema da cidade. Esta magnífica panorámica quedou inmortalizada na película *Lena*, dirixida en 2001 por Gonzalo Tapia e que foi o debut de Marta Larralde xunto a outros actores como Manuel Manquilha, Roberto Álvarez e Luis Tosar.

O filme mostra outras moitas localizacións do Casco Vello, Coia, Bouzas, ademais do aeroporto ou a ponte de Rande, convertendo a súa estrea nun verdadeiro foco de promoción turística para a cidade.

Esta mesma localización foi tamén elixida polo director Gerardo Herrero para unha secuencia da película *Heroína* (2005), que relata a historia real de loita contra o narcotráfico da viguesa Carmen Avendaño, interpretada por Adriana Ozores.



Teaser: Se das as costas á ría terás diante túa os restos da Panificadora de Vigo, antiga fábrica de pan que foi a máis importante de España. A fábrica traballou entre 1924 e 1980 e a construción ten un gran valor como arquitectura industrial. Durante máis de 30 anos houbo intentos de recuperar esta construción. Desde logo, como localización de cinema ten moitas posibilidades!

7 TRAVESÍA ESPERANZA

Continuamos o percorrido pola rúa Elduayen e paseando polo Casco Vello chegamos á Travesía Esperanza. Nesta pequena praza centrou Vicente Aranda unha das secuencias máis trepidantes de *Cancións de amor en Lolita's Club* (2007), protagonizada por Eduardo Noriega. Este thriller de mafias, prostitución e drogas conta a historia de Raúl e Valentín, dous irmáns xemelgos con vidas moi diferentes.

A presenza do coñecido actor encheu a zona de curiosos e fans durante os días da rodaxe.



Toma falsa: Moi preto tes o Palacete da Familia Pazos Figueroa, que data do século XVI e é o segundo edificio máis antigo da cidade e actual sede do Instituto Camões da cultura portuguesa.

8 PRAZA DA CONSTITUCIÓN

E chegamos á Praza da Constitución, que dá entrada ao centro histórico da cidade e está declarada como Conxunto Histórico. Atópase rodeada de edificios de pedra con soportais e balcóns con reixas de forxa do século XIX. Nesta praza tamén se atopan algúns edificios de interese como o antigo concello de 1862 (hoxe Casa Galega da Cultura). Esta praza foi unha das localizacións máis rechamantes da película *Un home de acción* (2022), dirixida por Javier Ruiz Caldera e protagonizada por Juan José Ballesta.

O inesquecible actor de *El Bola* dá vida a un personaxe real, Lucio Urtubia, o chamado «Robin Hood» anarquista, un albanel que levou a cabo unha lendaria operación de falsificación.



Efectos especiais: A cinta está ambientada no París dos anos 50 e 60, polo que Vigo «se disfrazou» facéndose pasar pola cidade francesa desa época.

9 TABERNA ELIGIO

Volvemos cara á Porta do Sol e entramos na rúa do Príncipe. Nun lateral do edificio prateado, sede do Colexio de Arquitectos de Galicia, está a histórica Taberna Eligio, punto de encontro de escritores, pintores e amantes da cultura.

Traémosvos ata aquí porque é unha personaxe máis do coñecido thriller *A praia dos afogados*, dirixida en 2015 por Gerardo Herrero. O inspector Leo Caldas, ao que deu vida Carmelo Gómez, acudía case a diario a tomar unhas tapas a este bar a seguir dándolle voltas ás súas investigacións.



Spoiler: Non deixes pasar a oportunidade de probar as «Luriñas Leo Caldas», o polbo, as xoubas rebozadas ou calquera das delicias que atoparás na carta.

10 TEATRO GARCÍA BARBÓN

Co estómago contento volvemos á rúa Policarpo Sanz e gozamos da visión dun edificio maxestoso: o teatro deseñado a principios do século XX por Antonio Palacios (autor da Casa de Correos de Madrid, entre outros). Cunhas curvas e contracurvas que lembran á Ópera Garnier de París, é unha das obras arquitectónicas emblemáticas de Vigo.

A serie de misterio *Un asunto privado* elixiu este elegante escenario para unha festa da alta sociedade á que acudía a protagonista, Mariña Quiroga (Aura Garrido), no primeiro episodio.

A produción rodouse en Vigo e arredores en 2021 (Prime Video) e está ambientada na Galicia dos anos 40. Ademais, durante aqueles meses non era raro atoparse a outros grandes actores como o francés Jean Reno e Ángela Molina paseando pola cidade.



Créditos: O interior do teatro é unha marabilla. Se vos coincide algunha actuación, aproveitate para gozalo. A magnificencia deste teatro impresionarvos e a súa impecable acústica, tamén.

11 AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Finalizamos a ruta na avenida de Montero Ríos, un sitio ideal para dar un relaxado paseo polos seus xardíns e sentar a tomar algo nunha das súas terrazas con vistas ao porto deportivo.

Nesta zona rodouse parte da película *O club dos incomprendidos* (2014). Dirixida por Carlos Sedes, esta cinta baseada na novela *¡Buenos días, princesa!*, de Blue Jeans, conta a historia de Valeria (Charlotte Vega), unha moza que asiste no seu instituto a unhas reunións co orientador, algo que se acaba convertendo nunha valiosa experiencia vital. O rechamante campus universitario de Vigo foi outro dos escenarios desta exitosa cinta.



Cameo: E xa que falamos de libros, buscade no paseo o famoso monumento a Jules Verne e deixádevos atrapar polos seus tentáculos. O xenial escritor dedicou un capítulo a «A Baía de Vigo» nunha das súas obras máis famosas: *Vinte mil leguas baixo dos mares*.